

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

8643 *Real decreto 594/2015, do 3 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Entidades Relixiosas.*

ÍNDICE

- Título I. Entidades e actos inscribíbles.
 - Artigo 1. Obxecto.
 - Artigo 2. Entidades inscribíbles.
 - Artigo 3. Actos con acceso ao Rexistro.
- Título II. Procedementos rexistráis.
 - Capítulo I. Inscripción da fundación ou establecemento en España das entidades relixiosas.
 - Artigo 4. Dereito de inscrición.
 - Artigo 5. Solicitude de inscrición.
 - Artigo 6. Inscripción de igrexas, confesións e comunidades relixiosas.
 - Artigo 7. Inscripción de entidades creadas por unha igrexa, confesión ou comunidade relixiosa inscrita.
 - Artigo 8. Inscripción de federacións.
 - Artigo 9. Inscripción de entidades de orixe estranxeira.
 - Artigo 10. Instrución dos expedientes de inscrición.
 - Artigo 11. Resolución.
 - Capítulo II. Inscripción da modificación dos estatutos.
 - Artigo 12. Solicitude de inscrición.
 - Artigo 13. Procedemento.
 - Artigo 14. Inscripción da identidade dos titulares dos órganos de representación.
 - Capítulo III. Anotación e cancelación da adhesión de entidades relixiosas a unha federación.
 - Artigo 15. Solicitude de adhesión de entidades relixiosas a unha federación.
 - Artigo 16. Solicitude de cancelación da adhesión de entidades relixiosas a unha federación.
 - Capítulo IV. Anotación de lugares de culto.
 - Artigo 17. Solicitude de anotación e cancelación de lugares de culto.
 - Capítulo V. Anotación da condición de ministro de culto.
 - Artigo 18. Solicitude de anotación e documentación que se debe achegar.
 - Capítulo VI. Cancelación da inscrición de entidades relixiosas.
 - Artigo 19. Cancelación da inscrición.
 - Artigo 20. Procedemento de cancelación solicitada pola entidade.
 - Capítulo VII. Disposicións comúns.
 - Artigo 21. Documentación en formato electrónico.
 - Artigo 22. Emenda de erros.

Artigo 23. Facultade de certificar.

Artigo 24. Recursos.

Título III. Estrutura e funcionamento do Rexistro de Entidades Relixiosas.

Artigo 25. Localización e dependencia orgánica do Rexistro de Entidades Relixiosas.

Artigo 26. Seccións do Rexistro de Entidades Relixiosas.

Artigo 27. Fichas rexistras.

Artigo 28. Anotacións marxinais.

Artigo 29. Declaración de funcionamento.

Título IV. Publicidade do Rexistro de Entidades Relixiosas.

Artigo 30. Publicidade do Rexistro.

Artigo 31. Certificacións.

Artigo 32. Copia dos asentos.

Artigo 33. Obtención de certificados e copias dos asentos.

Artigo 34. Certificacións sobre a condición de representante legal.

Disposición adicional primeira. Convenios de colaboración coas comunidades autónomas.

Disposición adicional segunda. Protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional terceira. Xestión electrónica dos procedementos administrativos e depósito de documentación.

Disposición adicional cuarta. Adecuación do Rexistro ao disposto neste real decreto.

Disposición adicional quinta. Declaración de funcionamento.

Disposición transitoria primeira. Normativa aplicable no período transitorio.

Disposición transitoria segunda. Fundacións relixiosas da Igrexa católica.

Disposición derogatoria única.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Disposición derradeira segunda. Normativa supletoria.

Disposición derradeira terceira. Gastos de organización e funcionamento.

Disposición derradeira cuarta. Aplicación e desenvolvemento do real decreto.

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor.

I

O Rexistro de Entidades Relixiosas é un instrumento xurídico cualificado ao servizo do exercicio colectivo do dereito fundamental de liberdade relixiosa, garantido no artigo 16 da Constitución española do 27 de decembro de 1978, por canto a Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, de liberdade relixiosa, dispuxo que «as igrexas, confesións e comunidades relixiosas, así como as súas federacións, gozarán de personalidade xurídica unha vez inscritas no correspondente rexistro público que se crea, para tal efecto, no Ministerio de Xustiza.

A constitución e funcionamento do dito rexistro regulouse mediante o Real decreto 142/1981, do 9 de xaneiro, sobre organización e funcionamento do Rexistro de Entidades Relixiosas. Esta norma foi completada, nalgúns aspectos, por outras de igual ou inferior rango, como foron o Real decreto 589/1984, do 8 de febreiro, sobre fundacións relixiosas da Igrexa católica, e a Orde do 11 de maio de 1984, sobre publicidade do Rexistro de Entidades Relixiosas.

Con posterioridade incorporáronse ao ordenamento xurídico outras normas que afectaron o funcionamento do Rexistro como foron, entre outras, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, ou a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, modificadas, pola súa vez, por diversas leis. Tamén, as leis 24, 25 e 26/1992, do 10 de novembro, polas que se aprobaron, respectivamente,

os acordos de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, a Federación de Comunidades Israelitas de España e a Comisión Islámica de España.

O presente real decreto modifica a regulación xurídica do Rexistro de Entidades Relixiosas despois de máis de 30 anos de vixencia. A regulación actual quedou superada e non responde adecuadamente ás necesidades actuais do Rexistro. O carácter específico de moitas das actuacións solicitadas ao Rexistro de Entidades Relixiosas non pode encontrar sempre unha resposta eficiente coa aplicación supletoria da normativa sobre procedemento administrativo común.

Este novo marco xurídico ten como referencia a doutrina derivada da Sentenza do Tribunal Constitucional 46/2001, do 15 de febreiro, e a aplicación que dela viñeron facendo os tribunais a partir da interpretación da natureza da función do Rexistro de Entidades Relixiosas como de «mera constatación, que non de cualificación», que se estende á comprobación de que a entidade non é algunha das excluídas polo artigo 3.2 da Lei orgánica 7/1980, do 7 de xullo, nin excede os límites previstos no artigo 3.1 da mesma lei, sen que poida realizar un control da lexitimidade das crenzas relixiosas.

Igualmente, a reforma inscíbese nas directrices que marcou a OSCE/ODHIR na súa cincuenta e nove sesión plenaria, celebrada en xuño de 2004, actualizadas na sesión que tivo lugar o pasado 13 e 14 de xuño de 2014, na cal se recoñece a importancia do dereito a adquirir e manter a personalidade xurídica e a imposibilidade de que os diferentes Estados poidan impor sancións ou limitacións aos grupos relixiosos que impidan a adquisición de personalidade xurídica mediante o seu acceso ao Rexistro. Neste sentido, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos recoñeceu en numerosas sentenzas que o rexistro é un dos máis importantes aspectos do dereito de asociación. Isto é, que as restricións ao dereito a obter a personalidade xurídica por parte dos grupos relixiosos son contrarias ao Convenio Europeo de Dereitos Humanos, en concreto, por violación do dereito de asociación e do dereito á liberdade relixiosa. A adquisición de personalidade xurídica constitúe un dereito para as entidades relixiosas, segundo expresa o Tribunal Constitucional na mencionada Sentenza 46/2001, xa que, no noso sistema, a dita adquisición prodúcese polo acceso ao Rexistro de Entidades Relixiosas, tal como se sinalou máis arriba. A nova normativa enmárcase, igualmente, nas orientacións da Unión Europea sobre o fomento e a protección da liberdade de relixión e crenzas aprobadas polo Consello da Unión Europea o 24 de xuño de 2013 cando afirma que o requisito do rexistro se debe configurar como un medio para facilitar o exercicio da liberdade de relixión ou crenzas.

Finalmente, resulta necesario abordar a introdución das novas tecnoloxías na xestión do Rexistro que, ademais das melloras que supón na súa organización, permite incorporar este Rexistro ao reto da Administración electrónica.

II

O presente real decreto divídese en catro títulos. O título I dedícase ás entidades e actos inscribíbles; o título II, aos procedementos de inscrición que se tramitan no Rexistro de Entidades Relixiosas; o título III refírese á estrutura e funcionamento do Rexistro e o título IV regula a publicidade do Rexistro. O real decreto conta, ademais, con cinco disposicións adicionais, dúas transitorias, unha derogatoria e cinco derradeiras.

O título I define o obxecto do real decreto e enumera as entidades e actos inscribíbles introducindo unha maior precisión na regulación. Con isto perséguese a correspondencia da norma coa realidade das confesións que adoptan formas de organización que non sempre era posible encaixar na relación de entes inscribíbles contida na normativa anterior. En canto aos actos susceptibles de acceder ao Rexistro, contén a súa enumeración atendida a práctica habitual do Rexistro, explícita aqueles actos que se viñan anotando por instancia das entidades, como é o caso de lugares de culto ou da adhesión ás federacións, ou introduce algúns que non eran obxecto de anotación até agora, como o caso dos ministros de culto.

O título II dedícase á regulación dos distintos procedementos rexistrals para suplir as lagoas da normativa anterior. En xeral, a regulación clarifica os requisitos que deben cumprir as entidades que acceden ao Rexistro, incorpórase a presentación da documentación en soporte informático e a tramitación dos novos procedementos.

Respecto do procedemento de inscrición de igrexas, confesións ou comunidades relixiosas, incorporouse, con carácter potestativo, que a fundación ou establecemento en España sexa avalada por un número mínimo de persoas. Esta posibilidade, que se ofrece ás entidades que acceden ao Rexistro, ten o seu antecedente nas directrices internacionais citadas da OSCE/ODHIR que considera adecuado, para proceder á dita inscrición, a existencia dun número de membros que acredite unha certa estabilidade sempre que non se obstaculice o exercicio do dereito. Con isto, as igrexas, confesións e comunidades relixiosas poderán expresar a existencia dunha mínima comunidade de crentes que constitúe a entidade e asume os dereitos e obrigacións derivados da Lei orgánica de liberdade relixiosa e, nos casos de confesións que asinasen acordo co Estado, os previstos nel. O dito requisito non se estende, en cambio, a aqueloutras entidades susceptibles de inscrición, erixidas ou constituídas polas igrexas, confesións ou comunidades relixiosas.

Outra novidade importante é a obrigación de inscribir os titulares dos órganos de representación das entidades relixiosas que na normativa anterior era potestativo para as entidades. A realidade é que, maioritariamente, as entidades presentaban ao Rexistro a relación nominal dos seus representantes legais dada a eficacia probatoria que a dita normativa outorgaba á certificación do Rexistro.

Entre os novos desenvolvementos contidos no presente real decreto, destaca o que se refire ao procedemento para inscribir a incorporación ou separación dunha comunidade a unha federación ou o procedemento para anotar os ministros de culto daquelas igrexas, confesións ou comunidades relixiosas inscritas que o soliciten salvo que teñan capacidade de celebrar ou certificar actos con efectos civís, caso en que a anotación é obrigatoria, opción esta que veu sendo reclamada polas propias entidades relixiosas que querían dispor da seguridade que, para efectos da aplicación do réxime legal previsto para os ministros de culto, ofrece a anotación rexistral.

En xeral, a nova regulación pretende clarificar os requisitos que deben cumprir as entidades que acceden ao Rexistro e incorporar a presentación da documentación en soporte e por medios electrónicos.

O título III dedícase á estrutura e funcionamento do Rexistro de Entidades Relixiosas, que mantén a súa estrutura actual por seccións e engade unha nova sección histórica á cal se trasladarán os asentos das entidades canceladas ou denegadas. A regulación mellora a descrición da ficha rexistral que se elaborará conforme procedementos electrónicos e que se refire, por primeira vez, ás anotacións marxinais que se farán en caso de que existan procedementos xudiciais pendentes que afecten o nomeamento dos representantes legais da entidade ou, na falta de declaración de funcionamento que se prevé no propio real decreto, anotacións que terán efectos informativos.

O título IV recolle a publicidade do Rexistro de Entidades Relixiosas e incorpora tanto o uso das novas tecnoloxías e os medios electrónicos como as exixencias derivadas da normativa sobre protección de datos de carácter persoal e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Finalmente, entre as disposicións adicionais, transitorias e derradeiras, ademais dos contidos habituais, cabe destacar algún outro. É o caso da posibilidade de asinar convenios de colaboración coas comunidades autónomas que teñan nos seus estatutos de autonomía previstas competencias na materia co fin de determinar a súa participación na xestión do Rexistro; a previsión de que as entidades inscritas presenten unha declaración de estaren en situación de funcionamento co fin de permitir ao Rexistro unha maior correspondencia coa realidade, mellorando o servizo público que presta, ou a disposición que mantén a vixencia da inscrición de fundacións erixidas pola Igrexa católica mentres non se proceda á regulación xeral das fundacións das entidades relixiosas.

Na elaboración deste real decreto tivéronse en conta o informe do Pleno da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, emitido na súa reunión do 26 de novembro de 2014, e o informe da Axencia Española de Protección de Datos, do 18 de marzo de 2015.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Entidades e actos inscribíbles

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto regular o Rexistro de Entidades Relixiosas, creado de conformidade co establecido no artigo 5 da Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, de liberdade relixiosa, as entidades e actos susceptibles de inscrición, os procedementos de inscrición e os efectos xurídicos derivados dela. O Rexistro de Entidades Relixiosas radicará no Ministerio de Xustiza con carácter de rexistro xeral e público.

Artigo 2. *Entidades inscribíbles.*

No Rexistro de Entidades Relixiosas poderanse inscribir:

1. As igrexas, confesións e comunidades relixiosas, así como as súas federacións.
2. Os seguintes tipos de entidades relixiosas, sempre que fosen erixidas, creadas ou constituídas por unha igrexa, confesión ou comunidade relixiosa ou federacións delas inscritas no Rexistro:
 - a) As súas circunscricións territoriais.
 - b) As súas congregacións, seccións ou comunidades locais.
 - c) As entidades de carácter institucional que formen parte da súa estrutura.
 - d) As asociacións con fins relixiosos que creen ou erixan, así como as súas federacións.
 - e) Os seminarios ou centros de formación dos seus ministros de culto.
 - f) Os centros superiores de ensino que impartan con exclusividade ensinanzas teolóxicas ou relixiosas propias da igrexa, confesión ou comunidade relixiosa inscrita.
 - g) As comunidades monásticas ou relixiosas e as ordes ou federacións en que se integren.
 - h) Os institutos de vida consagrada e sociedades de vida apostólica, as súas provincias e casas, así como as súas federacións.
 - i) Calquera outra entidade que sexa susceptible de inscrición de conformidade cos acordos entre o Estado español e as confesións relixiosas.

Artigo 3. *Actos con acceso ao Rexistro.*

Terán acceso ao Rexistro, de acordo co procedemento que se establece neste real decreto, os seguintes actos:

- a) A fundación ou establecemento en España da entidade relixiosa.
- b) As modificacións estatutarias.
- c) A identidade dos titulares do órgano de representación da entidade.
- d) A incorporación e separación das entidades a unha federación.
- e) A disolución da entidade.
- f) Os lugares de culto.
- g) Os ministros de culto.
- h) Calquera outro acto que sexa susceptible de inscrición ou anotación conforme os acordos entre o Estado español e as confesións relixiosas.

TÍTULO II

Procedementos rexistrais

CAPÍTULO I

Inscrición da fundación ou establecemento en España das entidades relixiosas*Artigo 4. Dereito de inscrición.*

1. As entidades inscristibles ao abeiro do artigo 2 gozarán de personalidade xurídica unha vez inscristas no Rexistro de Entidades Relixiosas.

2. Só se poderá denegar a inscrición cando non se reúnan os requisitos establecidos na Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, de liberdade relixiosa, ou no presente real decreto.

Artigo 5. Solicitude de inscrición.

1. A solicitude de inscrición dirixirase ao Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza e poderase presentar ante as oficinas e rexistros a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou por medios electrónicos nos termos previstos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. A solicitude deberá especificar que tipo de entidade das enumeradas no artigo 2 se pretende inscribir e xuntar os documentos que se especifican nos artigos seguintes, segundo o tipo de entidade cuxa inscrición se solicite. Os documentos fidedignos que se deban achegar poderán ser orixinais ou copias compulsadas deste nos termos previstos polo artigo 46 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 6. Inscrición de igrexas, confesións e comunidades relixiosas.

1. A inscrición de igrexas, confesións e comunidades relixiosas iniciarana os seus representantes legais ou persoas debidamente autorizadas mediante solicitude que se deberá acompañar de documento elevado a escritura pública en que consten os seguintes datos:

a) Denominación, que non poderá incluír termos que induzan a confusión sobre a súa natureza relixiosa. Non serán admisibles as denominacións que inclúan expresións contrarias ás leis. Tampouco poderá coincidir ou semellarse, de maneira que poida crear confusión, con ningunha outra previamente inscrita no Rexistro de Entidades Relixiosas. Os solicitantes achegarán a súa tradución para o castelán ou para algunha das linguas cooficiais das comunidades autónomas no caso de que a denominación da entidade non figure en castelán ou nalgunha das linguas cooficiais das comunidades autónomas. A dita tradución non formará parte da denominación da entidade. En todo caso, as denominacións deberán estar formadas con letras do alfabeto en castelán ou en calquera das linguas cooficiais.

b) Domicilio.

c) Ámbito territorial de actuación.

d) Expresión dos seus fins relixiosos e de cantos datos se consideren necesarios para acreditar a súa natureza relixiosa. Para estes efectos, pódense considerar como tales as súas bases doutrinarias, a ausencia de ánimo de lucro e as súas actividades relixiosas específicas representadas polo exercicio e fomento do culto, o mantemento de lugares e obxectos de culto, a predicación, a intervención social, a difusión de información relixiosa, a formación e o ensino relixioso e moral, a asistencia relixiosa, a formación e sustento de ministros de culto e outros análogos.

e) Réxime de funcionamento, órganos representativos e de goberno, con expresión das súas facultades e dos requisitos para a súa válida designación.

f) Relación nominal dos representantes legais. No caso de que estes sexan estranxeiros, deberán acreditar a súa residencia legal en España nos termos establecidos pola lexislación vixente.

2. Será necesario presentar, ademais, a acta da fundación ou establecemento en España en documento elevado a escritura pública. Na dita acta poderase facer constar a relación nominal de, ao menos, vinte persoas maiores de idade e con residencia legal en España que avalan a fundación ou establecemento da igrexa, confesión ou comunidade relixiosa.

Artigo 7. Inscripción de entidades creadas por unha igrexa, confesión ou comunidade relixiosa inscrita.

1. Para a inscrición de entidades creadas por unha igrexa, confesión, comunidade relixiosa ou federación inscrita deberanse achegar, en escritura pública, os datos previstos no número 1 do artigo anterior.

2. Ademais, requirirase a achega do testemuño literal, debidamente autenticado, da acta de constitución, así como do documento da igrexa, confesión, comunidade relixiosa ou federación, pola que se erixe, constitúe ou aproba e, se o houber, a conformidade do órgano supremo da entidade en España.

Artigo 8. Inscripción de federacións.

1. Será de aplicación á inscrición de federacións o establecido nos artigos 5 e 6.1 deste real decreto respecto da inscrición de igrexas, confesións e comunidades relixiosas.

2. Será necesario achegar, ademais, os seguintes documentos:

a) Acta fundacional na cal deberá constar a denominación, domicilio e número rexistral de cada unha das entidades fundadoras, salvo que estean pendentes de inscrición, así como os datos de identificación dos representantes legais de cada unha destas.

b) Cada unha das entidades que se integre na federación deberá acreditar na escritura pública da súa fundación a certificación do acordo adoptado para a súa integración, expedido polas persoas ou cargos con facultade para certificar, en que se expresará a aceptación dos estatutos da federación e a designación da persoa ou persoas que represente a entidade relixiosa no acto constitutivo da federación.

Artigo 9. Inscripción de entidades de orixe estranxeira.

1. Para a inscrición dunha entidade relixiosa dependente doutra establecida no estranxeiro deberanse achegar, ademais dos requisitos previstos nos artigos 5 e 6, os seguintes:

a) Copia dos estatutos vixentes da entidade estranxeira.

b) Certificado da entidade estranxeira que conteña a identidade dos seus representantes legais ou dos titulares dos seus órganos de representación no país de orixe e daqueles que fosen designados como tales en España.

c) Certificado ou documento que acredite que a entidade estranxeira está legalmente recoñecida no seu país de orixe.

2. Os documentos a que fai referencia o número anterior deberán estar debidamente legalizados e traducidos, se for o caso, de acordo cos convenios internacionais sobre a materia que sexan aplicables.

Artigo 10. Instrución dos expedientes de inscrición.

1. A instrución dos expedientes de inscrición corresponderá á Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións.

2. O órgano competente poderá solicitar informe á Comisión Asesora de Liberdade Religiosa, así como calquera outro que considere necesario acerca da solicitude de inscrición.

Artigo 11. *Resolución.*

1. O ministro de Xustiza ditará a resolución procedente na cal se indicarán aos interesados, se esta é favorable, os datos de identificación da inscrición practicada.

2. Transcorrido o prazo de seis meses a partir da data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Ministerio de Xustiza, se non se ditou e notificou resolución, entenderase estimada, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

CAPÍTULO II

Inscrición da modificación dos estatutos

Artigo 12. *Solicitude de inscrición.*

1. A modificación dos datos da entidade a que se refire o artigo 6.1 deberá ser comunicada ao Rexistro de Entidades Religiosas no prazo de tres meses desde que se adoptase o acordo de modificación na forma prevista polos estatutos da entidade.

2. Xunto coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

a) Documento público que conteña ben a acta da reunión ben a certificación do acordo do órgano competente para adoptar a dita modificación. En todo caso, o documento deberá recoller o acordo adoptado polo que se modifican os estatutos, os artigos modificados, o quórum de asistencia cando sexa exixido polos estatutos, o resultado da votación e a data da súa aprobación.

b) Nas modificacións de estatutos que afecten os fins ou o réxime de funcionamento, órganos representativos e de goberno da entidade, será preciso achegar o texto íntegro dos novos estatutos en documento público que inclúa as modificacións aprobadas e, en dilixencia expedida ao final do documento, farase constar a relación de artigos modificados e a data do acordo en que se adoptou a súa modificación.

3. Non se tramitarán as solicitudes de modificacións estatutarias que se presenten transcorrido o prazo de tres meses desde a adopción do acordo correspondente sen prexuízo de que, reiterada a modificación polos órganos competentes da entidade, se volva presentar a solicitude en prazo.

Artigo 13. *Procedemento.*

1. A inscrición das modificacións estatutarias suxeitarase aos mesmos requisitos que para a súa inscrición, salvo a relativa ao cambio dos representantes legais, que se fará na forma prevista no artigo seguinte.

2. As modificacións serán inscritas por resolución do titular da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións e producirán os oportunos efectos legais desde o momento da súa inscrición.

3. Transcorrido o prazo de tres meses a partir da data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Ministerio de Xustiza, se non se ditou e notificou resolución, entenderase estimada, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 14. *Inscrición da identidade dos titulares dos órganos de representación.*

1. A modificación dos titulares dos órganos de representación deberase comunicar ao Rexistro de Entidades Religiosas no prazo de tres meses desde que se adoptase o acordo de modificación.

2. A solicitude de inscrición da dita modificación deberase acompañar do documento público que conteña ben a acta da reunión ben a certificación do acordo adoptado polo órgano competente en que deberán constar, ademais da data en que se adoptou o acordo, os seguintes datos:

- a) Os nomes, apelidos, DNI ou NIE e domicilio dos nomeados.
- b) A data do nomeamento e, se for o caso, da ratificación e aceptación polos titulares.
- c) A data da revogación e do cesamento, se for o caso, dos titulares saíntes.
- d) As sinaturas dos titulares e dos titulares saíntes. Se non poden ou non queren asinar, farase constar esta circunstancia no documento.

CAPÍTULO III

Anotación e cancelación da adhesión de entidades relixiosas a unha federación

Artigo 15. *Solicitude de adhesión de entidades relixiosas a unha federación.*

1. A solicitude de anotación no Rexistro da adhesión dunha entidade relixiosa a unha federación presentaraa o representante legal da federación ou persoa debidamente autorizada, no prazo de tres meses desde que se adoptase o acordo.

2. Para a anotación da adhesión de entidades relixiosas a unha federación deberase achegar, xunto coa solicitude, ben a acta da reunión ben o certificado do acordo da entidade federativa, segundo o procedemento que se determinase nos seus estatutos, en que deberán constar, ademais da data en que se adoptou, os seguintes datos:

- a) A denominación e o domicilio da entidade federativa que representa o solicitante.
- b) A denominación e número rexistral, salvo que estea pendente de inscrición, da entidade que se incorpora á federación.
- c) Por cada unha das entidades relixiosas que se incorporen á federación, unha certificación, expedida polas persoas ou cargos con facultade para certificar, do acordo adoptado pola entidade para a súa integración na federación.

3. As adhesións serán anotadas por resolución do titular da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións. Transcorrido o prazo de tres meses a partir da data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Ministerio de Xustiza, se non se ditou e notificou resolución, entenderase estimada, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 16. *Solicitude de cancelación da adhesión de entidades relixiosas a unha federación.*

1. A solicitude de cancelación da adhesión dunha entidade a unha federación presentaraa o representante legal da entidade ou persoa debidamente autorizada no prazo de tres meses desde que se adoptase o acordo na forma establecida estatutariamente. A entidade achegará, xunto coa solicitude, ben a acta da reunión ben o certificado do acordo, e fará constar a data en que se adoptou e a comunicación realizada á federación respectiva da formalización da súa baixa ou de ter cumprido os requisitos establecidos nos estatutos da federación para a baixa dos seus membros.

2. Cando a solicitude de cancelación da adhesión dunha entidade se produza por instancia da propia federación, a solicitude presentaraa o representante legal da federación ou persoa debidamente autorizada, no prazo de tres meses desde que se adoptase o acordo na forma establecida estatutariamente. Xunto á solicitude deberase achegar ben a acta da reunión ben certificado do dito acordo e fará constar a data en que se adoptou, así como a comunicación á entidade afectada da formalización da súa baixa.

3. A resolución de cancelación da adhesión a unha federación ditaraa o titular da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións. Transcorrido o prazo de tres meses a partir da data de entrada da solicitude en calquera

dos rexistros do Ministerio de Xustiza, se non se ditou e notificou resolución, entenderase estimada, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

CAPÍTULO IV

Anotación de lugares de culto

Artigo 17. *Solicitud de anotación e cancelación de lugares de culto.*

1. As entidades inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas poderán solicitar a anotación dos seus lugares de culto. A dita anotación non conferirá personalidade xurídica propia.

2. O representante da entidade ou persoa debidamente autorizada presentará a solicitude de anotación, á cal se xuntará:

- a) Copia do título de disposición.
- b) Certificado que acredite a súa condición de lugar de culto pola súa dedicación principal e permanente ao culto e á asistencia relixiosa, coa conformidade, se for o caso, do órgano competente en España da igrexa, confesión ou comunidade relixiosa a que pertence.

3. A solicitude de cancelación de lugares de culto presentaraa o representante legal da entidade ou persoa debidamente autorizada, xunto co certificado que acredite a súa desafección como lugar de culto da dita entidade.

4. A resolución sobre a anotación ou cancelación de lugares de culto ditaraa o titular da Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións. Transcorrido o prazo de tres meses a partir da data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Ministerio de Xustiza, se non se ditou e notificou resolución, entenderase estimada, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

CAPÍTULO V

Anotación da condición de ministro de culto

Artigo 18. *Solicitud de anotación e documentación que se debe achegar.*

1. As entidades relixiosas inscritas poderán anotar no Rexistro de Entidades Relixiosas os seus ministros de culto que teñan residencia legal en España. En todo caso, deberanse anotar aqueles ministros de culto que estean habilitados para realizar actos relixiosos con efectos civís.

2. Para efectuar a dita anotación, os representantes legais da entidade deberán presentar certificación da igrexa, confesión ou comunidade relixiosa a que pertencen que acredite tal condición e, se o houber, o visto e prace do órgano supremo en España da entidade conforme as súas propias normas. Cando se trate de entidades integradas nunha federación inscrita, será necesario tamén o visto e prace do órgano competente da respectiva federación, cando así se dispoña nos seus estatutos, sen prexuízo do disposto nos acordos de cooperación co Estado respecto das entidades ou federacións asinantes destes.

3. As entidades deberán comunicar ao Rexistro as baixas dos seus ministros de culto e solicitar a súa cancelación no prazo dun mes desde que a baixa tivo lugar.

4. A resolución da anotación e cancelación de ministros de culto das entidades relixiosas ditaraa o titular da Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións. Transcorrido o prazo de tres meses contado desde a data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Ministerio de Xustiza, se non se ditou e notificou resolución, entenderase estimada, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. A certificación rexistral da anotación do ministro de culto será proba suficiente para acreditar a dita calidade. O certificado terá unha vixencia de dous anos e poderá ser renovado por iguais períodos.

CAPÍTULO VI

Cancelación da inscrición de entidades relixiosas

Artigo 19. *Cancelación da inscrición.*

1. A cancelación da inscrición dunha entidade só se poderá efectuar:

- a) Por petición dos seus representantes legais debidamente facultados.
- b) En cumprimento de sentenza xudicial firme.

2. A cancelación producirá efectos desde a data da súa resolución e dará lugar ao traslado da entidade á Sección Histórica do Rexistro.

Artigo 20. *Procedemento de cancelación solicitada pola entidade.*

1. No prazo de tres meses desde que se producise a causa que determine a disolución da entidade, deberase dirixir a solicitude de cancelación da súa inscrición ao Rexistro de Entidades Relixiosas.

2. A solicitude de cancelación, en que deberá constar o número rexistral da entidade, deberase acompañar dos documentos seguintes:

a) Se a disolución é consecuencia da decisión dos membros da entidade adoptada polo órgano competente segundo os seus estatutos, documento público que conteña ben a acta da reunión ben o certificado daquela expedido polas persoas ou cargos con facultade para certificar, en que conste a data na cal se adoptou, o quórum de asistencia e o resultado da votación.

b) Se a disolución tivo lugar por sentenza xudicial firme, testemuño da resolución xudicial pola cal se dita a disolución da entidade.

3. Unha vez examinada a solicitude, o ministro de Xustiza ditará a resolución procedente. Transcorrido o prazo de tres meses a partir da data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Ministerio de Xustiza, se non se ditou e notificou resolución, entenderase estimada, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

CAPÍTULO VII

Disposicións comúns

Artigo 21. *Documentación en formato electrónico.*

As solicitudes de inscrición ou anotación no Rexistro, xunto coa documentación que se deba achegar, poderanse presentar en formato e con sinatura electrónicos, sen prexuízo do disposto na disposición adicional terceira.

Artigo 22. *Emenda de erros.*

Cando se advirtan defectos formais na solicitude requirirase o interesado para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, conforme o previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 23. *Facultade de certificar.*

1. A facultade de certificar as actas e os acordos dos órganos das entidades relixiosas corresponde ao representante legal da entidade e, se estiver previsto nos seus estatutos, ao secretario, caso en que se emitirán sempre co visto e praxe do representante legal da entidade.

2. Para a inscrición dos acordos contidos na certificación deberase ter inscrito, previa ou simultaneamente, o cargo do certificante.

Artigo 24. *Recursos.*

1. As resolucións do ministro de Xustiza esgotan a vía administrativa e poderán ser impugnadas potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as ditou ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

2. Contra as resolucións do titular da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións que non poñan fin á vía administrativa procederá o correspondente recurso de alzada, nos termos establecidos nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Contra as resolucións do titular da Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións procederá o correspondente recurso de alzada nos termos establecidos nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

TÍTULO III

Estrutura e funcionamento do Rexistro de Entidades Relixiosas

Artigo 25. *Localización e dependencia orgánica do Rexistro de Entidades Relixiosas.*

O Rexistro de Entidades Relixiosas radica en Madrid e ten carácter de rexistro xeral e unitario para todo o territorio nacional. Está baixo a dependencia do Ministerio de Xustiza como unidade administrativa adscrita á Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións.

Artigo 26. *Seccións do Rexistro de Entidades Relixiosas.*

O Rexistro constará das seguintes seccións:

a) Sección Xeral, na cal se inscribirán as igrexas, confesións e comunidades relixiosas, así como as entidades constituídas por elas.

b) Sección Especial, na cal se inscribirán as igrexas, confesións e comunidades relixiosas que asinasen ou ás cales sexa de aplicación un acordo ou convenio de cooperación co Estado, así como o resto de entidades constituídas por elas.

c) Sección Histórica, á cal se trasladarán cos seus protocolos anexos, os asentos das entidades que fosen cancelados, así como aquelas solicitudes que fosen denegadas.

Artigo 27. *Fichas rexistrals.*

1. O Rexistro de Entidades Relixiosas practicará as inscricións e anotacións correspondentes en fichas rexistrals que, elaboradas por procedementos electrónicos, conterán unidades independentes de arquivo.

2. A cada entidade seralle asignado un número rexistral correlativo e independente, único para todo o Rexistro. Na súa respectiva ficha rexistral disporase de campos para a inscrición ou anotación de, ao menos, os seguintes aspectos:

- a) Denominación.
- b) Sección.
- c) Data de fundación.
- d) Domicilio.
- e) Reprodución literal das normas estatutarias.

- f) Identidade dos titulares dos órganos de goberno e representación.
- g) Lugares de culto.
- h) Dependencia doutras entidades inscritas.
- i) Incorporación a unha federación inscrita.

3. Anexo ao Rexistro existirá un arquivo no cal se conservará un expediente ou protocolo por cada unha das entidades inscritas, e no cal se arquivarán cantos documentos se produzan en relación coa entidade, así como os títulos que servisen para realizar a inscrición dos actos inscritos ou anotados. Estes expedientes consideraranse parte integrante do Rexistro.

Artigo 28. *Anotacións marxinais.*

Cando se acredite ante o Rexistro de Entidades Religiosas o inicio de accións xudiciais de impugnación do nomeamento dos representantes legais da entidade ou por falsidade na acta ou na certificación, farase constar esta circunstancia na marxe da inscrición dos representantes legais da entidade. Nas ditas anotacións faranse constar os datos de referencia dos asuntos e dilixencias que se substancien, así como o carácter meramente informativo da anotación.

A anotación será cancelada unha vez que se inscriban no Rexistro os asentos que sexan consecuencia da resolución xudicial.

Artigo 29. *Declaración de funcionamento.*

As entidades inscritas están obrigadas a manter actualizados os seus datos rexistrais. En todo caso, cada dous anos deberán achegar declaración de funcionamento mediante a presentación telemática do formulario que o Rexistro aprobe para tal fin.

A falta de presentación da declaración de funcionamento dará lugar á súa anotación marxinal para efectos informativos.

TÍTULO IV

Publicidade do Rexistro de Entidades Religiosas

Artigo 30. *Publicidade do Rexistro.*

1. O Rexistro de Entidades Religiosas é público e os cidadáns teñen dereito a acceder a el nos termos establecidos na normativa vixente.

2. Os interesados poderán realizar a súa consulta a través da sede electrónica do Ministerio de Xustiza ou por escrito dirixido ao Rexistro de Entidades Religiosas no cal, ademais dos requisitos establecidos no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, deberán especificar os documentos concretos a que se pretenda acceder, sempre que correspondan a procedementos terminados na data da solicitude.

3. Non se admitirá, salvo para a súa consideración con carácter potestativo, a solicitude de consulta xenérica dos expedientes que, en todo caso, se axustará ao disposto na normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

4. A publicidade formal do Rexistro efectúase mediante certificacións ou copias do contido dos asentos, na forma establecida na normativa vixente que se axustará, en todo caso, aos requisitos establecidos en materia de protección de datos de carácter persoal.

5. No traslado das certificacións ou copias dos asentos a que se refiren os artigos seguintes farase constar aos destinatarios a prohibición de crear ficheiros coa finalidade exclusiva de almacenar datos de carácter persoal que revelen a relixión ou crenzas, nos termos previstos no artigo 7.4 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 31. *Certificacións.*

1. A certificación será o medio de acreditar fidedignamente o contido dos asentos e dos documentos depositados no Rexistro de Entidades Relixiosas.

2. As certificacións poden ser positivas ou negativas. As certificacións positivas son totais ou parciais.

3. A certificación total do Rexistro reproduce integramente todos os asentos practicados na ficha rexistral aberta a cada entidade.

4. A certificación total do protocolo anexo ao Rexistro contén a reprodución íntegra de todos os documentos arquivados presentados polos particulares e relativos a unha entidade determinada. Neste caso, o acceso estará limitado á propia entidade ou persoa autorizada por esta, sen prexuízo das competencias que corresponden ás autoridades xudiciais e administrativas.

5. Nas certificacións parciais débese expresar sempre obrigatoriamente que no omitido non hai nada que amplíe, restrinja, modifique ou condicione o inserido segundo se desprende dos asentos do Rexistro.

Artigo 32. *Copia dos asentos.*

A copia dos asentos, que constituirá un mero traslado dos asentos e datos que figuren no Rexistro, expedirase con indicación do número de follas e da data en que se expiden, e levará o seu selo.

Artigo 33. *Obtención de certificados e copias dos asentos.*

1. O solicitante da certificación ou copia dos asentos deberá notificar todas as circunstancias que coñeza, co fin de facilitar a busca do asento ou do documento. Se os datos proporcionados non permiten a súa localización, requirirase o interesado para que, no prazo de dez días, achegue os datos imprescindibles con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, e esta arquivarase logo da resolución ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de decembro.

2. As certificacións e as copias dos asentos serán expedidas polo xefe de servizo do Rexistro. A obtención de copias dos asentos estará condicionada á eficacia do funcionamento do servizo de conformidade co previsto no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. A denegación do acceso á información solicitada deberase adoptar mediante resolución motivada do titular da Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións, no prazo de dous meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

4. Contra as resolucións da Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións procederá o correspondente recurso de alzada nos termos establecidos no artigo 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 34. *Certificacións sobre a condición de representante legal.*

Nas certificacións que se expidan para acreditar a representación legal dunha entidade deberá constar a data de inscrición do representante ou representantes e indicarse expresamente que, con posterioridade a esa data, non se recibiu no Rexistro ningunha comunicación que modifique a representación da entidade.

Disposición adicional primeira. *Convenios de colaboración coas comunidades autónomas.*

O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas, no marco do disposto nos seus respectivos estatutos de autonomía, poderán asinar convenios de colaboración co obxecto de permitir a participación da comunidade autónoma na xestión do Rexistro de Entidades Relixiosas.

Disposición adicional segunda. *Protección de datos de carácter persoal.*

O tratamento e arquivo electrónico dos datos contidos no Rexistro de Entidades Relixiosas axustarase ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Na anotación da condición de ministro de culto, a solicitude deberá incorporar o consentimento expreso e por escrito do interesado para a inclusión dos seus datos no Rexistro e a comunicación derivada da publicidade deste. Nos formularios de inscrición ou anotación que, para tal efecto, se aproben, constará que os solicitantes e os titulares dos órganos de representación consenten a inclusión dos seus datos persoais no Rexistro e a comunicación derivada da publicidade deste.

Disposición adicional terceira. *Xestión electrónica dos procedementos administrativos e depósito de documentación.*

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor deste real decreto habilitaranse os recursos necesarios para a xestión electrónica dos procedementos administrativos regulados. En canto se completan os procesos necesarios para a presentación en formato e con sinatura electrónicos da documentación que debe acompañar as solicitudes dirixidas ao Rexistro, presentaranse en formato non electrónico.

O Rexistro de Entidades Relixiosas substituirá a conservación material de documentación polo seu almacenamento mediante medios electrónicos, dotados de garantías suficientes, conforme o disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición adicional cuarta. *Adecuación do Rexistro ao disposto neste real decreto.*

1. O Rexistro de Entidades Relixiosas disporá de dous anos, desde a entrada en vigor deste real decreto, para adecuar a súa organización interna ao disposto nel. En todo caso, a comunicación ás entidades inscritas dos novos números rexistrais que se produzan como consecuencia da informatización do Rexistro farase a través do portal corporativo do Ministerio de Xustiza.

2. Para estes efectos e no mesmo prazo, as entidades inscritas deberán, se for o caso, actualizar a súa situación rexistral conforme os procedementos previstos neste real decreto, en particular, no que se refire á inscrición obrigatoria dos representantes legais.

3. Aquelas entidades inscritas que adaptasen a súa estrutura á enumeración de entidades inscrites no Real decreto 142/1981, do 9 de xaneiro, poderán solicitar a modificación da súa natureza xurídica, conforme o previsto neste real decreto, formalizando os requisitos que en cada caso correspondan sen que isto implique a cancelación da entidade, que conservará o seu número e ficha rexistral.

Disposición adicional quinta. *Declaración de funcionamento.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor da norma, porase á disposición das entidades inscritas o formulario electrónico a que se refire o artigo 29 deste real decreto, co fin de proceder á primeira declaración de funcionamento e comunicar ao Rexistro os datos seguintes: domicilio para efectos de notificacións, ámbito territorial, teléfono e correo electrónico. Transcorrido o prazo sen ter realizado a dita comunicación, o Rexistro practicará a anotación marxinal correspondente sen prexuízo da súa posterior cancelación unha vez comunicados os ditos datos.

Disposición transitoria primeira. *Normativa aplicable no período transitorio.*

As solicitudes de inscrición no Rexistro de Entidades Relixiosas que estean pendentes de resolución no momento da entrada en vigor deste real decreto tramitaranse e resolveranse segundo o disposto polo Real decreto 142/1981, do 9 de xaneiro, de organización e funcionamento do Rexistro de Entidades Relixiosas.

Disposición transitoria segunda. *Fundacións relixiosas da Igrexa católica.*

As fundacións relixiosas da Igrexa católica seguirán rexéndose polo Real decreto 589/1984, do 8 de febreiro, de fundacións da Igrexa católica, en canto non se regulen con carácter xeral as fundacións das entidades relixiosas. Até entón, o Rexistro manterá a Sección de Fundacións prevista no dito real decreto.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas as seguintes normas:

- a) O Real decreto 142/1981, do 9 de xaneiro, sobre organización e funcionamento do Rexistro de Entidades Relixiosas.
- b) O artigo 5 do Real decreto 1879/1994, do 16 de setembro, polo que se aproban determinadas normas procedementais en materia de xustiza e interior.
- c) A Orde do 11 de maio de 1984 sobre publicidade do Rexistro de Entidades Relixiosas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, que atribúe ao Estado a competencia sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira segunda. *Normativa supletoria.*

O disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aplicarase con carácter supletorio respecto dos procedementos regulados neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Gastos de organización e funcionamento.*

As medidas incluídas nesta norma serán atendidas coas dispoñibilidades orzamentarias e non poderán supor incremento de dotacións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira cuarta. *Aplicación e desenvolvemento do real decreto.*

Autorízase o ministro de Xustiza para ditar as disposicións precisas para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza,
RAFAEL CATALÁ POLO